



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE LEIRO PARA O ACONDICIONAMENTO DA MARXE DEREITA DO RÍO AVIA EN LEIRO (OURENSE)

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2016

REUNIDOS

Dunha parte, dona Beatriz Mato Otero, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, nomeada polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG nº 222, do 18 de novembro de 2010) e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro (DOG nº 9, de 13 de xaneiro de 2012).

E de outra parte, don Francisco José Fernández Pérez, Alcalde do Concello de Leiro, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

As partes recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente na que interveñen para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro - Ao concello de Leiro correspóndenlle, entre outras, o exercicio das competencias en materia de protección do medio ambiente e en materia de xestión e conservación de camiños e vías públicas urbanas e rurais, conforme o disposto nos artigos 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia e 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Segundo - Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia (DOG nº 222, do 18 de novembro de 2010) e regulada polo Decreto



32/2012, de 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto (DOG nº 9, de 13 de xaneiro de 2012) é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

A citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, atribúe no seu artigo 26 á Administración Hidráulica da Comunidade Autónoma as competencias para a regulación e o outorgamento de auxilios económicos ás corporacións locais nas materias da súa competencia.

Terceiro - Na Comarca do Ribeiro atópase o Concello de Leiro polo que discorre o río Avia, afluente do río Miño. Sobre o dito cauce, próximo a área recreativa de As poldras e a súa Praia fluvial, existe una pasarela peonil de madeira na ribeira dereita do río Avia, que actualmente está pechada ao paso debido ao deterioro sufrido polo transcurso do tempo. O Concello de Leiro pretende substituír a pasarela peonil por una senda fluvial que, discorrendo sobre a marxe do río, siga dando continuidade ao paseo fluvial, ao tempo que interconectando de xeito máis directo o paseo coa trama urbana do núcleo cos fitos arquitectónicos nela incluídos.

Cuarto - Para a consecución dese fin o Concello de Leiro contratou a redacción do proxecto "Senda Fluvial Marxe Dereita Río Avia en Leiro (Ourense)". Con arranxo ao citado proxecto executaranse posteriormente as obras.

Quinto - Á vista de todo o anterior, as partes consideran necesario establecer unha fórmula coordinada para garantir o financiamento do proxecto que servirá de base para a execución das obras.

Neste contexto, e dadas as circunstancias concorrentes, enténdese a imposibilidade de promover a concorrencia pública, acudindo ao réxime excepcional de concesión directa da subvención.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:



CLÁUSULAS

PRIMEIRA- OBXECTO

É obxecto deste Convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Leiro para o acondicionamento da marxe dereita do río Avia en Leiro (Ourense), co financiamento do Proxecto "Senda Fluvial Marxe Dereita Río Avia en Leiro (Ourense)".

SEGUNDA- OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

1.- Augas de Galicia obrígase a:

Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio entregando ao Concello o importe máximo que se concreta na cláusula seguinte.

2.- O Concello de Leiro obrígase a:

a) Realizar ante Augas de Galicia a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, presentando para isto, en todo caso antes do 15 de decembro do ano en curso, a seguinte documentación:

a. Certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control no concello da toma de razón en contabilidade e do cumprimento para a finalidade que foi concedida.

b) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.

c) Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO
Augas de Galicia



- d) Reintegrar á Comunidade Autónoma, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.
- e) Asumir, pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, todas as obrigas que, para o mesmo, establece o citado artigo.

TERCEIRA- RÉXIME DE FINANCIAMENTO

O custo total das actuacións contempladas no presente convenio ascende a 20.000,00 € que serán financiadas por Augas de Galicia, con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital. A corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, con cargo a anualidade 2016.

CUARTA- LIBRAMENTO DOS FONDOS E RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

En canto aos prazos e modos de pagamento da subvención por parte de Augas de Galicia, a súa achega materializaranse mediante a transferencia dos fondos precisos ao Concello de Leiro, logo da presentación en Augas de Galicia de:

- Certificado da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control no concello da toma de razón en contabilidade e do cumprimento para a finalidade que foi concedida.

A anterior transferencia de fondos, será ingresada na conta que o precitado concello ten aberta en Abanca.

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A concesión de axudas deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Nesas termos, serán compatibles con calquera outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase a iniciativa de calquera das partes unha comisión de seguimento deste convenio, formada por dous representantes de cada unha das partes, que asumirá as seguintes funcións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do presente convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na súa aplicación.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

SEXTA.- NATUREZA DO CONVENIO



Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo, sendo a xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir a contencioso-administrativa.



En todo o non disposto por este convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.

SÉTIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1 de xaneiro de 2016, de conformidade co disposto na cláusula terceira do presente convenio, e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2016.

OITAVA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera tipo con carácter indefinido, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Este convenio poderá resolverse por algunha das seguintes causas:

- Polo incumprimento grave do seu contido ou das obrigas das partes, sen prexuízo dos danos e responsabilidades imputables ao causante.
- Por mutuo acordo.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e maillo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, asinan as partes este documento por triplicado exemplar, no lugar e data do encabezado

A presidenta de Augas de Galicia



Beatriz Mato Otero

O alcalde do Concello de Leiro



Francisco José Fernández Pérez